

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE CEIP FOGAR DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN Rúa Vila de Ordes, s/n - 15100 (Carballo) Tel.: 981700294 Fax: 981758203 correo electrónico: ceip.fogar.carballo@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipfogarcarballo	

ABERTO PRAZO DE BOLSAS DE NEAE PARA O CURSO 2023-2024

- a) Axudas para alumnado, incluíndo alumnado con TDAH, que requiran por un período de escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas **derivadas de discapacidade, de trastornos graves de conducta ou de Trastornos graves da comunicación e da linguaxe.**
Tamén poderá ser beneficiario o alumnado **con TEA** e o **de Altas Capacidades** sempre que teña certificado dun Equipo de Orientación Educativa ou do Departamento de Orientación dependente da administración educativa correspondente.
- b) Esta convocatoria inclúe como novidade un subsidio para gastos adicionais de carácter xeral derivados da escolarización de estudantes con necesidades específicas de apoio educativo, que terá un importe de 400 euros, que se xustifica polo feito de que as familias, fillos ou fillas que teñen estas necesidades asumen uns custos adicionais moi significativos para atender os requirimentos vitais dos seus fillos e fillas, o que, unido ás circunstancias económicas actuais, fai preciso un soporte extraordinario, **que se sumará ás contías que xa figuraban en convocatorias anteriores, resultando un incremento adicional das axudas con este subsidio.**
- c) As axudas poderán ser solicitadas polo alumnado **cuxa renda ou patrimonio familiar ao 31 de decembro de 2022 non superasen**, de conformidade co disposto no Real Decreto 117/2023, do 21 de febreiro, os limiares seguintes:
- Familias dun membro: 11.937,00 euros
 - Familias de dous membros: 19.444,00 euros
 - Familias de tres membros: 25.534,00 euros
 - Familias de catro membros: 30.287,00 euros
 - Familias de cinco membros: 34.370,00 euros
 - Familias de seis membros: 38.313,00 euros
 - Familias de sete membros: 42.041,00 euros
 - Familias de oito membros: 45.744,00 euros
- d) As solicitudes deberán cumprimentarse mediante o formulario accesible por internet na dirección www.educacionyfp.gob.es ou a través da sede electrónica do Ministerio de Educación, <https://sede.educacion.gob.es>.
- e) O prazo de presentación de solicitudes estenderase desde **o día 8 de maio de 2023 ata o día 20 de setembro de 2023, ambos inclusive e deberá presentarse no centro onde cursará estudos no 2023-2024**
- f) **Esta solicitude irá acompañada de:**
- Código Conta Cliente (CCC), onde o titular da conta sexa o/a alumno/a
 - Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar
 - Fotocopia do Certificado de discapacidade (mínima do 33%), Fotocopia do Certificado das Altas Capacidades ou fotocopia do diagnóstico médico do Trastorno Grave de Conduta ou do Trastornos Grave da Comunicación e da Linguaxe, TDAH (derivado das anteriores) ou TEA.
 - Memoria do gabinete que preste o servizo durante o curso 2023-2024
 - Outros documentos que se consideren (Título de Familia Numerosa...)